

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A CREACIÓN DUN
GRUPO DE BAILE TRADICIONAL NO CAMPUS DE PONTEVEDRA
PARA O CURSO 2025/2026**

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Anunciar a creación dun Grupo de Baile Tradicional no campus de Pontevedra para o curso 2025/2026, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/ 1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso- administrativo ata que sexa resalto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (D.O.G. do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I**CREACIÓN DUN GRUPO DE BAILE TRADICIONAL NO CAMPUS DE
PONTEVEDRA PARA O CURSO 2025/2026****OBXECTIVOS E TEMÁTICA:**

1. Promoción da cultura local: O baile tradicional é unha parte importante da cultura dunha rexión. Crear un grupo de baile tradicional na universidade pode axudar a promover e preservar a cultura e as tradicións musicais locais.
2. Fomento do talento e a creatividade local: A universidade é un lugar onde estudantes con talento musical poden reunirse e desenvolver as súas habilidades nun ambiente de apoio. Isto pode levar á identificación e promoción do talento local no baile tradicional.
3. Interacción social e comunidade: Un grupo de baile tradicional pode proporcionar un espazo onde estudantes con intereses similares poidan atoparse, socializar e formar unha comunidade unida a través da música.
4. Actos culturais e representación da universidade: O grupo de baile tradicional pode representar á universidade en actos locais e comarcais, contribuíndo á promoción da institución e á participación na comunidade.
5. Poder poñer en práctica os coñecementos adquiridos no obradoiro de iniciación ao baile tradicional galego do campus de Pontevedra.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

Só poderán solicitar a participación neste Grupo de Baile Tradicional as persoas que pertencen á comunidade universitaria da UVigo (PTXAS, PDI e Alumnas e Alumnos) e aquelas que estean matriculadas no obradoiro Iniciación ao Baile Tradicional Galego “Como bailar nun Serán” do campus de Pontevedra no curso 2025/2026.

DÍAS E HORAS:

Os venres desde o 24 de outubro de 2025 ata o 15 de xuño de 2026 en dúas sesións mensuais agás no mes decembro que haberá unha e no mes de marzo que haberá 3.

De 17.00 a 19:00 horas.

TOTAL HORAS: 36**LUGAR:**

Pavillón Municipal de Deportes de Pontevedra

DOCENTE:

Montse Rivera Crespo



PREZO: GRATUÍTO**MATRÍCULA:**

As persoas interesadas deberán enviar un correo electrónico a vic.pon@uvigo.gal no que indicarán:

- Nome completo e apelidos, dni ou nie e o colectivo ao que pertencen.
- Currículum relacionado cos criterios de selección recollidos nestas bases.

(As persoas que realizaron o obradoiro Iniciación ao Baile Tradicional Galego “Como bailar nun Serán” no segundo cuadrimestre do curso 2024/2025 e as que formaron parte do Grupo de Baile Tradicional no curso 2024/2025 NON necesitan presentar o currículo).

O prazo de solicitudes será desde o día seguinte da publicación desta resolución reitoral no taboleiro de anuncios electrónicos da Universidade de Vigo ata ás 23.59 horas (hora peninsular española) do 3 de outubro de 2025. A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude. Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

PRAZAS: 10

Este número de prazas poderase ir incrementando ao longo do curso a criterio da docente en función das necesidades do grupo. Para elo deberá facer unha proposta de novas incorporacións para a súa inclusión oficial, enviando un correo a vic.pon@uvigo.gal. A vicerreitora do campus de Pontevedra autorizará o denegará esta petición.

SELECCIÓN:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Comisión de valoración seleccionará ás persoas candidatas de acordo cos seguintes criterios:

- Currículum presentado na solicitude.
- Proba de habilidades de baile:
 - Dominio e destreza na execución de baile tradicionais relevantes, como xota, muiñeira, valse, etc.
 - Habilidade e expresión corporal.: Avalía a calidade da voz, o ton e a capacidade de adaptación ao estilo vocal tradicional se é necesario.
 - Capacidade de adaptabilidade: Avaliaranse as capacidades do intérprete para improvisar de forma coherente no estilo desexado, así como a súa habilidade para desenvolverse escenicamente ante os imprevistos.
 - Coñecemento do repertorio tradicional: Proba o coñecemento de diferente repertorio e dos distintos estilos interpretativos da música tradicional galega.
 - Coñecementos xerais: Demostra coñecementos xerais sobre os ritmos e xéneros da música tradicional.

A docente, con obxecto de garantir un nivel mínimo de calidade inicial, seleccionará de entre as persoas participantes aquelas que cumpran cos



requisitos técnicos de acceso mediante unha proba que terá lugar o día 10 de outubro de 2025 no lugar e hora que se comunicará con antelación.

Rematada a proba, as persoas seleccionadas para o Grupo de Baile Tradicional do campus de Pontevedra recibirán un correo electrónico indicándolles que deberán matricularse a través do campusactivo.uvigo.gal no prazo indicado.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a creación dun Grupo de Baile Tradicional no campus de Pontevedra para o ano 2025/2026. Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>. Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal. Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

